

POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN GALICIA¹

Miquel Siguan*
Universidade de Barcelona

Aínda que as afirmacións sobre a lingua propia no Estatuto de Autonomía de Galicia son moi semellantes ás que se fan nos Estatutos de Cataluña e o País Vasco, e aínda que a Lei de Normalización Lingüística aprobada polo Parlamento de Galicia en 1983 sexa moi parecida ás destas dúas Comunidades Autónomas, o feito de que tanto en Cataluña como no País Vasco os partidos nacionalistas tivesen desde o comezo un papel principal nos seus gobernos, mentres en Galicia ocorreu o contrario, abonda para facer supoñer que a política lingüística en Galicia sería máis laxa, o que non significa que fose inexistente, ó contrario. E incluso que reserve algunhas sorpresas.

A Real Academia Galega deu a coñecer en 1994 os tres volumes do *Mapa sociolingüístico de Galicia*, tres volumes que recollen os resultados dunha enquisa sobre coñecemento e uso da lingua nas distintas zonas xe-

gráficas de Galicia. Sinceramente non creo que haxa ningunha lingua, nin grande nin pequena, que dispoña dun mapa sociolingüístico comparable, baseado nun cuestionario tan extenso e nunha mostra tan elevada da poboación. E agora o Consello da Cultura Galega, institución creada e sostida polo Goberno de Galicia, vólvenos sorprender cun volume coordinado por Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada, *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas*, primeiro dunha serie de tres dedicados a describir e valorar a política lingüística seguida en Galicia ó longo dos últimos vinte anos. Por suposto, a política lingüística é un tema de plena actualidade na sociolingüística contemporánea e a bibliografía é moi abundante, pero escasean en cambio os libros que estudien con detalle e con obxectividade a política aplicada nunha situación concreta e, neste sen-

¹ Recensión-artigo publicado en *Saber Leer* (agosto-setembro de 2003, núm. 167, pp. 6-7). Polo seu interese tradúcese e reproducése coas debidas autorizacións.

* Catedrático xubilado de Psicoloxía

tido, este libro é un exemplo digno de imitación.

O libro comeza enunciando claramente o seu obxectivo, describir e valorar a política lingüística seguida polo Goberno de Galicia entre 1980 e 2000 ou, para dicilo con máis precisión, qué se fai, por qué se fai, para qué se fai e con qué resultados. Pero incluso esta definición require precisión e aclaracións.

Unha primeira aclaración é que, aínda que en sentido amplo, o conxunto de decisións sobre as normas lingüísticas tanto respecto ó léxico como á morfosintaxe, ou sexa, a codificación da lingua ou, como agora nos acostumamos a dicir, a “planificación do corpus”, forman parte da política lingüística, quedan á marxe deste volume e constituirán o obxecto doutro posterior. Outra observación, e esta é máis importante, refírese ó significado da denominación “política lingüística”. Trátase do conxunto de accións efectuadas ou impulsadas desde a autoridade que, nunha sociedade democrática, actúa pola súa vez en nome do Parlamento e, polo tanto, do conxunto da sociedade. Pero dificilmente unha sociedade ten unha opinión unánime en cuestións lingüísticas e nun territorio como Galicia, como en tantos outros nos que coexisten dúas linguas, é normal que exista unha diversidade de opinións e que esta diversidade teña implicacións políticas. O cal leva a distinguir, e os redactores do volume fano explicitamente, entre dous significados da

política lingüística que eles designan cunha terminoloxía inglesa, e chámanlle *politics* ó xogo das distintas opinións políticas ó redor do papel da lingua e os obxectivos da súa promoción na sociedade galega, e chámanlle *policy* ó programa de actuacións a favor da lingua levado a cabo pola autoridade política —a Xunta de Galicia— validada polo Parlamento de Galicia. Fundamentalmente o libro ocúpase do segundo e de valorar os seus resultados pero non esquece, como veremos, a existencia e a importancia doutras propostas políticas.


OS CONTIDOS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA

O conxunto de disposicións e de medidas que constitúen unha política lingüística é tan diverso e tan abundante que a súa exposición corre o risco de converterse nunha acumulación de datos dificilmente asumibles e interpretables. Mérito maior da obra que comento é propoñer unha sistematización que moi ben se pode empregar como modelo para calquera empeño semellante. Sistematización que pola súa vez se divide nunha exposición histórica e na sistematización propiamente dita. A historia brevemente resumida empeza coa Constitución de 1978, o Estatuto de Autonomía e a constitución da Xunta (1981), a creación en 1982 dunha Subdirección de Ensino do Galego, despois convertida en Dirección Xeral, situada primeiro dentro da Consellería de Cultura e despois da de

Educación, onde segue ata agora, e a Lei de Normalización Lingüística de 1983. A partir desta e, como pasos xurídicos significativos, pódense citar o decreto de 1993 sobre o ensino do galego e os de 1988 e 1995 sobre o uso do galego como lingua vehicular da ensinanza, a creación da radio e a televisión galegas en 1985, o establecemento da Escola da Función Pública e a Lei de Administración Local de 1988 que, entre outras cousas, regula o uso da lingua por parte das corporacións locais.

En 1990 produciuse unha novidade importante coa creación da Comisión Coordinadora da Normalización Lingüística constituída por varios conselleiros do Goberno. O seu obxectivo primario era comprometer o conxunto do Goberno, e non só a Consellería de Cultura, na promoción da lingua, pero a súa intención última era a redacción dun Plan Xeral de Actuacións para a promoción do galego e como paso previo para a súa preparación decidiuse a realización do Mapa Sociolingüístico que se presentou en 1994. A pesar disto aínda non se chegou a formular o Plan Xeral.

Este capítulo histórico complétese cun traballo altamente revelador, a análise detallada do gasto dedicado ás actuacións relacionadas coa promoción da lingua, unha análise que permite distinguir tres etapas, un primeiro período, ata 1986, de asignacións mínimas, un segundo período, que comeza co goberno tripartito ata 1992, de crecemento continuado, e un tercei-



Salón do Consello da Cultura Galega, Pazo de Raxoi. Santiago de Compostela.

ro período que comeza en 1993 cun salto cuantitativo no gasto pero que desde aquela se mantivo practicamente estable. A análise pormenorizada das partidas permite identificar non só a evolución do total do gastado senón a evolución dos temas ós que se lles prestou atención.

As tres etapas identificadas na evolución do gasto poden poñerse en relación coa evolución política de Galicia nos vinte anos transcorridos. Na primeira etapa, de gasto mínimo, tanto o Parlamento como a Xunta teñen unha actividade reducida, os partidos concéntranse na política a nivel estatal e, aínda que existe unha presión popular en favor do galego, cínxese a grupos nacionalistas e a intelectuais e ensinantes e o seu peso político é pequeno. A Lei de Normalización imita mimeticamente as promulgadas noutras comunidades pero ten consecuencias reducidas que se limitan a lle dar carácter oficial á norma lingüística e á introducción do galego como materia nos programas

de ensinanza. O segundo período coincide co goberno tripartito presidido polo partido socialista, a política lingüística segue centrada na ensinanza e na formación de profesores pero engádeselle a creación da Corporación de Radio e Televisión de Galicia. E a terceira etapa iníciase en 1993, tres anos despois de que Manuel Fraga asumise a presidencia da Xunta e se esforzase por convertela en motor da renovación de Galicia cunha política rexional de corte claramente galeguista.

Á análise histórica do gasto engádeselle unha análise dos contidos da política lingüística que inclúe unha clasificación das accións segundo os seus obxectivos: as que teñen por obxecto o coñecemento da lingua, as que describen as situacións en que é obrigatorio o seu coñecemento ou o seu uso, como pode ser ocupar determinados postos na Administración pública, as que pretenden promover a súa utilización, como poden ser premios ou subvencións, as que ofrecen recursos en galego... As actuacións, pola súa vez, poden ser asumidas pola propia Administración, ou realizadas en colaboración con outros, ou ben poden serlles encargadas a outros organismos. Aínda que o informe fai notar que en Galicia non se creou, como en Cataluña e como no País Vasco, un organismo que coordine a actuación da Administración pública cos distintos axentes sociais: corporacións provinciais e locais e mais sindi-

catos e partidos políticos na promoción da lingua.

O OBXECTIVO DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA

O conxunto de disposicións e de actuacións citado ata aquí está ó servizo dun obxectivo que en última instancia consiste nunha determinada maneira de entender o papel que debe ocupar a lingua galega na sociedade galega. E, como xa dicía ó principio deste comentario, este papel pode ser entendido de diferentes maneiras. O libro que comento expón o tema con toda claridade: na sociedade galega existen unhas propostas de promoción da lingua, inmersa no marco dunha ideoloxía nacionalista, pero os defensores desta opción foron desde a constitución do Parlamento galego minoritarios, de xeito que os obxectivos do goberno galego son sensiblemente distintos. Os autores do libro resumen así a diferenza: Para os nacionalistas galegos a situación da lingua é o resultado dun conflito lingüístico, o galego é a lingua propia de Galicia e o castelán chegou imposto desde o exterior e converteuse na lingua dominante; trátase de inverter a situación e facer do galego a lingua principal de Galicia, o que soamente será posible se os nacionalistas ocupan o poder e conseguen unha maior autonomía para Galicia. Fronte a esta postura, a política lingüística do Goberno parte do feito de que historicamente Galicia ten dúas linguas que deben convivir, que o galego sufriu unha marxinación

social que debe rematar e poñelo en condicións de igualdade co castelán, pero que é posible un bilingüismo harmónico ou equilibrado e, polo tanto, que a política lingüística debe ter por obxectivo recuperar o uso normal do galego sen que isto produza conflitos nin enfrontamentos sociais.

O libro non só define con claridade estas dúas posturas, senón que presenta un esquema no que graficamente intenta mostrar a posición das distintas forzas políticas e sociais de Galicia en relación con estes dous polos.

E aínda que dixen que a codificación da lingua se abordará noutro volume, neste non pode deixar de terse en conta a cuestión do lusitanismo. Un decreto de novembro de 1982 deulles carácter oficial ás normas establecidas conxuntamente pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega. Non todo o mundo estivo de acordo. Na Idade Media a lingua galega estivo nas orixes do portugués pero a historia fixo do portugués unha lingua de cultura con proxección internacional, mentres que o galego quedaba reducido a unha lingua rural, co que entre os seus defensores houbo quen creu que era preferible aceptar que o galego se convertera nun dialecto do portugués e, polo tanto, que para actualizar a lingua era preferible aceptar as normas básicas do portugués tanto para a modernización do léxico como para a súa ortografía.

O lusitanismo ou reintegracionismo foi aceptado con entusiasmo por algúns sectores nacionalistas, aínda que tamén existiron outros que, conscientes da dificultade que supoñían as propostas maximalistas, defendían unha política de mínimos e de achegamentos gradual e outros en fin que, conscientes dos inconvenientes que a disputa xeraba para a promoción da lingua, preferían aceptar a norma oficial. Hoxe a disputa perdeu virulencia, pero é evidente que lle produciu un prexuízo importante á causa do galego, por un lado porque politizou unha cuestión que debía estar á marxe das disputas políticas e porque os enfrontamentos, ó se trasladaren ó terreo do ensino, o prexudicaron seriamente.

BALANCE E AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

A exposición dunha política seguida ó longo de vinte anos debe rematar loxicamente cunha valoración dos seus resultados e, dado que o que se propón é aumentar o coñecemento e o uso da lingua, os datos que haberá que ter en conta á hora do balance é notar cómo variou o coñecemento e o uso ó longo deste tempo, o que se pode conseguir a través de enquisas máis ou menos detalladas. Pero, no caso do galego, incluso antes de calquera valoración cuantitativa hai algo que resulta evidente, a presenza pública da lingua galega aumentou e sobre todo diminuíu ou desapareceu o que era a súa primeira característica, o estar unida á vida rural, á miseria e á

ignorancia. Aprender a expresarse en castelán e pasar de aquí a usalo habitualmente era a primeira condición do ascenso social e da respectabilidade. Na desaparición deste prexuízo influíron moitos factores: o uso do galego por parte da autoridade, tanto nos debates no Parlamento como nas disposicións legais no diario oficial da Comunidade, a súa presenza na Universidade e, asemade, a existencia de emisións de radio e televisión en galego. En cambio, e a diferenza do ocorrido noutros lugares, a participación da igrexa nesta revalorización da lingua foi mínima. Sen embargo, non é nada seguro que esta revalorización se corresponda cun aumento substancial do seu uso nas distintas situacións sociais. Para decidilo habería que con-



A prensa non rexeita alternar nas súas páxinas galego e castelán; sen embargo, a penas se editan xornais que utilicen como lingua única o galego.

tar con enquisas máis ou menos detalladas repetidas periodicamente. E neste sentido só é posible contar coas enquisas do CIS que eu mesmo dirixín, que o informe utiliza repetidamente e que permiten ademais facer comparacións coa evolución noutros territorios. En conxunto, os avances no uso non parecen importantes, pero estas enquisas cobren só unha marxe de cinco anos, un marco demasiado curto para que as diferencias sexan significativas e haberá que esperar futuras repeticións quinquenais para dispoñer de datos fidedignos.

VALORACIÓN DA EFICACIA

Pero a valoración dunha política lingüística formula unha cuestión de fondo. É evidente que os comportamentos lingüísticos dunha sociedade non son atribuíbles, nin directa nin exclusivamente, ás accións da Administración pública, senón que son o resultado de múltiples factores que os autores do informe propoñen reunir en tres categorías. En primeiro lugar, os cambios socioeconómicos ocorridos no territorio considerado, neste caso Galicia, que certamente foron importantísimos. En segundo lugar, os cambios políticos representados pola instauración da democracia e a existencia de partidos políticos e de distintas actitudes ante a lingua. E, en terceiro lugar, o contexto lingüístico no territorio máis amplo no que se inclúe Galicia, ou sexa España e en definitiva o mundo. A política lingüís-

tica levada a cabo polo goberno de Galicia está condicionada, en parte, por estes feitos pero igualmente o están os seus resultados, de modo que é imposible separar o que se lle pode atribuír á eficacia da política lingüística como tal e o que é resultado da dinámica social ou, dito doutro xeito, que é imposible decidir cal sería a situación actual do galego se a Xunta adoptase outra política lingüística ou se non seguise ningunha.

Pero se non é posible contestar a esta pregunta con datos empíricos si que é posible ofrecer opinións razoadas. E para iso os redactores do informe propuxéronlle a unha serie de persoas interesadas pola lingua desde distintas perspectivas que expresen a súa opinión sobre a efectividade e as limitacións da política lingüística seguida pola Xunta sistematizando esta opinión segundo unha pauta común. As valoracións recollidas son, en conxunto, máis ben críticas coa xestión da Xunta, o que nalgunha medida pode obedecer a razóns políticas, pois o goberno de Galicia ten unha cor política moi definida mentres os expertos consultados poden pertencer a calquera das opcións políticas existentes en Galicia. Pero, de todos modos, as análises son interesantes e a crítica máis común é a falta de colaboración entre a Administración pública e as organizacións sociais e políticas que se interesan pola lingua, un punto

de vista que os redactores do informe parecen compartir.

Renunciando a comentar os moitos puntos aludidos nesta avaliación final limitareime a un mencionado antes. A maioría dos opinantes consideran que a opción lusitana e os enfrontamentos relacionados con ela incidiron negativamente na promoción do galego, especialmente no campo da ensinanza, e tamén coinciden en que as augas se calmaron e que a aceptación das normas da Academia da Lingua tende a aumentar. Pero, ó mesmo tempo, advirten que a situación está cambiando noutros aspectos. A diferenza do que ocorría tradicionalmente, as relacións entre Galicia e Portugal fanse frecuentes e, ó mesmo tempo, as cuestións ortográficas e, en xeral, normativas das linguas tenden a perder importancia. E máis aínda no ámbito da lingua portuguesa, que acepta a pluralidade de normas no seu interior e admite diferenzas importantes entre o portugués de Portugal e o portugués do Brasil. De maneira que neste contexto é posible aceptar que se trata de dúas linguas distintas, pero de dúas linguas mutuamente comprensibles.

E remato volvendo ó dito no comezo. Oxalá que para moitas linguas puidesemos contar cunha descrición tan sistemática, tan minuciosa e con tal vontade de obxectividade como a que se presenta neste volume.



Miquel SIGUAN: "Política lingüística en Galicia", *Revista Galega do Ensino*, núm. 42, febreiro 2004, pp. 139-146.

Resumo: Ós vinte anos da aprobación, no Parlamento de Galicia, da Lei de Normalización Lingüística, o psicolingüista Miquel Siguan comenta a aparición do primeiro volume, dun total de tres, que pretende describir e valorar a política lingüística seguida en Galicia ó longo destas dúas décadas, precisando qué se fixo, por qué, para qué e qué resultados se obtiveron. Aínda que en Galicia, ó contrario que en Cataluña ou no País Vasco, non fosen os partidos nacionalistas os que levaron a cabo a política lingüística, o comentarista sorpréndese dos logros conseguidos nesa comunidade autónoma, que conta, ademais, cun valioso mapa sociolingüístico.

Palabras chave: Política lingüística. Normalización lingüística. Sociolingüística.

Resumen: A los veinte años de la aprobación, en el Parlamento de Galicia, de la Ley de Normalización Lingüística, el psicolingüista Miquel Siguan comenta la aparición del primer volumen, de un total de tres, que pretende describir y valorar la política lingüística seguida en Galicia a lo largo de estas dos décadas, precisando qué se ha hecho, por qué, para qué y qué resultados se han obtenido. Aunque en Galicia, al contrario que en Cataluña o en el País Vasco, no hayan sido los partidos nacionalistas los que han llevado a cabo la política lingüística, el comentarista se sorprende de los logros conseguidos en esa comunidad autónoma, que cuenta, además, con un valioso mapa sociolingüístico.

Palabras clave: Política lingüística. Normalización lingüística. Sociolingüística.

Summary: After twenty years of having passed, in the Galician Parliament, the Law for Linguistic Normalization, the psycholinguist Miquel Siguan comments on the publication of the first of three volumes where the linguistic policy carried out in Galicia along these two decades is described and judged. There he centres on what was done, why it was done and what it was done for, as well as on the obtained results. Even though in Galicia, unlike the cases of Catalonia and the Vasque Country, the linguistic policy was not carried out by nationalist parties, Siguan was surprised by the achievements attained in this autonomous community which has, moreover, a valuable sociolinguistic map.

Key-words: Linguistic Policy. Linguistic Normalization. Sociolinguistic.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 14-11-2003.

